

## Varios

### Horario do profesorado

Hai Comunidades Autónomas que xa terán este curso menos de 20 horas de docencia para o seu profesorado de secundaria en virtude de acordos. Coñecemos xa a posición do MECD de aprobar unha modificación do RDL 14/2012, polo que xa non existe ningunha escusa para que o profesorado galego poida volver ás 18 horas en secundaria. Galiza foi a primeira comunidade en implantar este recorte en todo o Estado.

A CIG-Ensino propuxo, no marco das frustradas negociacións que remataron co coñecido pacto retributivo, que fose a primeira en dar marcha atrás e **que se aplicase xa neste curso as 18 en secundaria e as 21 en infantil e primaria.**

Demandamos que a Xunta rectifique e implante esa medida xa.

Denunciamos o cinismo do conselleiro de Educación á hora de demandar fondos do Estado cando a ampliación horaria en Galiza se fixo previa á obriga imposta pola Ministerio.

[A Consellaría non ten prevista esta redución.](#)

### Vacacións Gozadas e non pagadas.

A Consellaría so ten feito o traballo do cómputo ás persoas que se presentaron ás oposicións, deste ano. Non hai garantías de que o vaia ter para o CXT, como xa lle demandou a CIG Ensino.

[A administración comunica que teñen que adaptar a aplicación informática para que recoñeza o tempo das vacacións non gozadas nos nomeamentos así como a actualización dos trienios e sexenios, pretenden telo antes de xaneiro. En cada nomeamento aparecerá o total de días de contrato máis os días que corresponden de vacacións non gozadas. No caso de que se inicie un novo contrato durante eses días non se tería en conta a efectos de antigüidade.](#)

### Vacantes na ESAD de Vigo e denuncia da actuación da inspección

Como xa denunciámos o pasado 19 de xullo volve de novo producirse un claro ataque por parte da Inspección a este centro.

Solicitamos que se atendan as súas reclamacións: que non se suprima ningún posto de traballo e que se doten cas prazas que se demandan.

Na ESAD de Vigo, de se manter o recorte proposto pola Inspección, pasaríase de de 42 a 34 prazas en cinco cursos, cunha matrícula estábel. Está demostrada a arbitrariedade coa que se conduce o inspector do centro, Gustavo Lorenzo Prozzo, e a Dirección Xeral non pode mirar cara outro lado.

Todo indica que hai un claro abuso de autoridade do inspector.

A intromisión no cambio das especialidade propostas, a obriga de facer a unha alumna unha convocatoria extraordinaria e as malas formas que causan malestar no centro serían unha clara mostra.

Solicitamos que se aparte ao inspector das súas funcións neste centro.

[A Consellaría afirma que o tema das vacantes depende do Xefe Territorial de Pontevedra.](#)

[Confirma que foi desde os servizos centrais desde onde se tiveron que modificar as especialidades que o inspector pretendeu impoñer ao centro e que a praza de Linguaxe Musical se modificou porque no texto da orde de destinos provisionais non se recollía a posibilidade de que profesorado definitivo de Linguaxe Musical puidese pedir prazas na ESAD, mais que esta especialidade é única tanto para CMUS como para ESAD e Conservatorios de Danza.](#)

## Melloras no permiso da outra persoa proxenitora non recoñecidas.

O inmovilismo da Xunta lévanos a que a día de hoxe o profesorado siga sen poder gozar das melloras do permiso de paternidade introducidas a nivel do Estado e que non poida escoller libremente os 35 días dentro do 1º ano de vida da filla ou fillo.

Esiximos que se aplique subsidiariamente mentres non se modifique a Lei 2/2015 de emprego público de Galiza.

[A administración di que esta mellora lle corresponde a Función Pública.](#)

## Lista única en primaria e concilias

Entendemos que non se pode facer un novo colectivo para as concilias co persoal das lista única de primaria.

A Consellaría adxudicou destinos ordinarios a persoal interino da lista única antes que concilia a mestras das listas posterior ao 2008.

[A administración resposta que é interpretábel e que non teñen decidido que facer cos recursos, aínda que avanza que para o ano aceptan a nosa solicitude e terán en conta a diferenza entre lista única e a lista posterior ao 2008 só aos efectos de saber se lle corresponde traballar e, por tanto, ter concilia. Os destinos adxudicaranse tendo en conta que todo o persoal interino é un único colectivo.](#)

## Descontos por Enfermar

Seguimos igual. O pacto de Madrid entre o anterior goberno do PP e os sindicatos estatais non recolleu a derogación da norma estatal que introduciu os recortes salariais.

Con anterioridade ao pésimo acordo xa había CC.AA. que negociaron pola súa conta unha ampliación das enfermidades que implicaban o pago do complemento ao 100% de tal xeito que na práctica desapareceron os recortes.

Aquí o profesorado galego e todo o persoal da Xunta segue cos recortes por enfermar até o día 20.

Demandamos que non se nos siga castigando e se elimine ese recorte.

[A administración di que esta mellora lle corresponde a Función Pública.](#)

## Oposicións

Solicitamos información sobre os resultados das oposicións no que ten a ver co profesorado interino e substituto.

Queremos que antes da oferta pública do 2019, que debe coñecerse canto antes, se faga previamente unha avaliación das futuras xubilacións, da idade do profesorado por especialidades e do persoal interino e substituto.

Xa denunciámos a finais de xullo que neste proceso selectivo non se respectou, como xa aconteceu en anos anteriores, o concurso oposición e que un 16% das prazas quedara sen cubrir.

[Mirarán a incidencia e terá repercusión na próxima Oferta de Emprego.](#)

## OS NOSOS LOCAIS

### SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

### A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

### BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

### MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

### FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

### LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

### OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

### PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

### A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

### VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

### VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

### SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)